


POETAS SIGLO XXI - ANTOLOGIA DE POESIA MUNDIAL + 18.600 POETAS:

Editor: Fernando Sabido Sánchez

martes, 30 de diciembre de 2014

BALDOMERO IGLESIAS - MERO- [14.377]



Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio
Seudónimo:Mero

Profesor, poeta, cantante y escritor

Nacimiento: 27 de junio de 1951 en Vilalba (Lugo)

Trabaja como profesor en el medio rural. Se dedica a la música propia de Galicia y a su recogida en los entornos de su provincia. Es componente del grupo "A Quenlla". Fue integrante de "Fuxan Os Ventos".

Obras realizadas

Realiza trabajos de recopilación de información relativa a la cultura tradicional y en compañía de Mini, escribió algunos libros, por ejemplo: Contos de vellos para nenos (de cuentos), Somos lenda viva (de leyendas), Nadal en Galego (de música sobre la Navidad) y Coplas cantos e Romances de cego (de Romances de cego) de los que ya se han elaborado varios tomos. Escribe poemas y es cantautor.

Otros datos de interés

Obtuvo los siguientes premios: 2º premio en el "XX Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal" (Begonte, Lugo, 1995). 2º premio en el "XXII Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal" (Begonte, Lugo, 1997). 1º

premio en el "XXIII Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal" (Begonte, Lugo, 1998). 1º premio en el "XXIV Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal" (Begonte, Lugo, 1999). 2º premio en el "XXV Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal" (Begonte, Lugo, 2000). 1º premio en el "Certame de Poesía Manuel Oreste Rodríguez López" en Paradela, 2000. Accésit en el "Certame de Poesía Manuel Oreste Rodríguez López" en Paradela, 2001. Premiado en el "Certame Excelentísimo Concello de Vilalba", 1999 y 2000. Premiado en el "Certame Antonio Prados Ledesma" en 2002 (Viveiro). 2º premio de poesía en el Certamen "José Domínguez Guizán" (Begonte, Lugo, 2002).

En 2006, Mini y Mero, fundadores de Fuxan os Ventos y A Quenlla, reciben un homenaje en el marco de la Festa das Letras de Ponteceso. En 2009 obtuvo el "Pedrón de Ouro" por su trabajo en favor de la música y de la cultura de Galicia. Obtuvo el Premio FACER PAÍS 2011, instituído en las tierras de Láncara.

Bio-bibliografía en galego:

Chámome Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio, todos me coñecen por Mero. Nacín en Vilalba da Terra Chá o 27 de xuño de 1951. Estou xubilado de mestre de galego, profesión que exercín no rural durante 39 anos e no que aínda vivo,. Escribín tres libros de poesía: "Na lonxitude do tempo" (premiado polo Concello de Viveiro), "Recendos de luz e sombra" e "No papel que mudo escoita". Ando polo universo dos poemas chegado desde o coñecemento directo de autores e a suxestión que os mesmos me produciron na distancia curta. Tamén desde a sedución da canción, terreo no que habito e interpreto, mesmo musico poemas de moi diversos autores e milito nos seus poemas. Levamos máis de vinte cds no mercado e formo parte dun grupo de música galega que anda a cantar, a dicir palabras, a difundir poemas de todas e todos, espallalos e dar conta da súa mensaxe, convertendo así en canción os versos.

A miña Patria está
xusto naquel anaco de terra
no que habita a memoria,
onde me eu sinto libre
expresando, neste acento,
eufonías de beleza:
cando os solpores do outono,
cando os recendos do aire

traen no amencer primaveras!

**Meu berce, Vilalba,
señora da Chaira.
Outeando ao lonxe
que por veces canta
unha canción leda
que semella anaina
e outras veces cando oe
e silandeira cala!**

**Vilalba,
baleira soidade que me enche de consolos,
clandestina escuridade da tenue luz,
que pola tarde, cando á raiola,
xunta na amizade as xentes solidarias.
Abstraído neses recendos
me transporto correndo espazos e tempos,
polas estradas dos sonhos,
levado de pensamentos nos que me agocho deixado,
alleado de algaradas, de ruídos e de présas,
neste bulir impaciente
que aventa pola atmosfera ánimos vigorosos.
E, no avesío entre as sombras, serás a aberta bufarda
que descubre toda a terra, ...es da Terra Chá "Señora"!.**

CANTO DOE A DOR, CANTA DOR, CANTADOR.

**Foi en Viznar, en Granada,
Escuras salvas de morte
Descargaron dende as sombras
En agosto, un dezanove,
Rebentando os anhelados
Inmensos sonhos dos homes.
Crimes cubertos de tebras
O tempo sempre os descobre!**

**Coidaban matar a alba disparando cara ao sol.
Aínda por veces se escoitan e como ecos resoan,
Non acalaron os tiros tanta dor no corazón.**

Gardou o pobo lembranzas

Aforrando na memoria,
Recuperando a razón
Contra os que usaron a forza.
Ímpetos de liberdade
Agardan contar a historia.

Ten que saberse a verdade condenando a insurrección,
Orgullosos dun exame que repoña a dignidade,
Debendo dar conclusión a tanto tempo de aldraxe:
O silencio ecoa as balas das feridas e a traizón.

Liberdade aínda coutada
O pasado non o atende.
Roubárannos toda a alba!
Co exemplo daquela xente
A luz prende na esperanza!

E a culpa daquela infamia non prescribe coa omisión
Angustiaría os desexos dun futuro de ilusión.
Dicían matar a alba disparando cara ao sol
Ou berrando "viva a morte", verdugos da erudición.
Reciben bágoas os ollos, ...malia quen nolos matou!

Nun recanto deste outono que se avén
dará a volta o aire
impregnado de recendos pardos,
de perfumes feitos brisas
en remuíños de castañas que no lume
estalen cal bolboretas.
Desprendendo sabores de certezas
aromas roubados entre os sotos,
entre ourizos, no fogar sublime dos amores
que nos levan cara ao inverno
mentres amolecen as sensacións no ourizo,
da candeia en castiñeiro.

NUN BICO.

Somos carne e ósos
ansiando anacos de vida
que pousen na nosa pel
sensacións, calor e frío.

Que pousen preto de nós
a tenrura e o aloumiño
avivecendo por dentro,
enriquecendo os sentidos
que transportan polo corpo
ata o máis fondo de nós
todo o amor que hai nun bico.

Nesta constante guerra fratricida que herdamos
seguimos a loitar contra nós mesmos,
perdendo forzas en papeis, en leis e emendas,
sen darnos a razón nas vaguidades
aínda que a teñamos ou que a teñan.
Nesta loita fratricida que perdura,
matamos o froito deste ventre natural que é Galiza
deixándoa sen matriz, sen consciencia, sen memoria,
sen raíz,
...sen ser nós mesmos, renunciando á vida.

Están todos medindo, cuantificando, calculando,
ponderando, avaliando, ...e os científicos queren medir
canta emoción cabe nunha bágoa, nunha soa,
que me escorre a meixela desde a ledicia ou a mágoa,
e a pena que cabe nela.
Queren saber canta tenrura posúe un só aloumiño,
canto bafo se converte en pinga cando sube polo aire,
agatuñando no frío, ...canto sono pecha os ollos
e cando se quedan durmidos,
cantos soños caben nunha noite, nun segundo esvaecido
soñando as sendas da sorte.
As estrelas que hai no ceo canda o Sol,
a Lúa e os luceiros, canto pracer hai nun bico,
boca seca de amores lindos ou canto dura o estremecemento
que dá unha nota de chelo tocando en cortesía as cordas
de entrañas e sentimento.
Canta emoción produce vibrante, en cordas ao vento.

Sempre estiven agardándote.

Souben que virías espida,

arrolando soños,
como as pólas sen folla das árbores de outono.
Souben que virías abeirándome as tristezas
que se visten de pardos grises
e se confunden nas néboas mestas,
da realidade invisible.
Mesmo inventei os teus beizos
e os bicos brandos, aqueles
que saloucando un só verso
acendían máis aínda
as ansias do meu desexo.
Aquel que acochado en soños
quedou para sempre preso
nese territorio enorme
da lonxitude do tempo
por detrás da realidade
no principio dos desertos.

Baten
os badais do meu sangue
no meu peito roto
percutindo triste notas
con sabor acedo,
nunha dor, nun oco
que me fere ausencias
sobre pulsos tolos.

Ventre, berce,
casa, fogar
raíz, alcuño,
familia, clan,
contorno verde
de lume e pan.
Útero, orixe,
morada, lar,
estirpe, tribo,
eido, casal,
nome, apelido,
asento e tempo
para vagar.
Causa e motivo,
canto e recanto

recendo limpo
para soñar.
Mencer da alba
no espazo longo.
Solpor das tardes
para o luar.
Patria de afectos
e dor amarga,
cicatriz fonda,
marca e sinal.
Patria de infancia
propia e de sempre,
herdo da esencia
nación de nós,
chan natural.
Orballo eterno
que nos alenta,
lentura exacta
a do noso chan.

Xunto letras
e ás veces sae unha palabra fermosa.
Xunto sons
e ás veces digo unha verba harmoniosa.
Xunto verbas
e, ás veces, elas xuntas fan das súas
compoñendo unha sentenza, unha bonita oración.
Xunto sentenzas
e, ás veces, deposítoas na miña voz
para expresalas con timbre
tecidas cos meus alentos, sobre un melódico son
para facelas cantigas, feridas do corazón.
Xunto cantigas
e, ás veces, cantando síntome eu só
recreándome en palabras
ata tocar a emoción.
E choro prantos sen verbas,
e sinto o seu tremor
rebotándome no peito,
aliviándome na dor.

Todos nós somos terra: foulas, cinzas, lama e pedras,

de sequeiro ou regadío, arxila, bulleiro, area.
Na terra buscamos vida, na terra estará a senda.
De terra son as distancias, de terra son as ausencias.
De terra é a memoria e cada acordo que lembra.
Nela nace o pan que comes e o mesmo pan sabe a terra.
Terra son os meus latexos e o sangue que vai nas veas.
Todos nós somos terra, as nosas raíces afunden nela!
Os nosos ósos son po e fume son as ideas.
De terra son os meus sonhos, as certezas e incertezas.
De terra é a miña ollada, terra é a patria mesma.
Terra é a miña voz, terra son as miñas verbas.
De terra son os anceios. Este poema é de terra.
E os meus saloucos son aire e miña conciencia, néboa!
Cando os baleiros nos citan, que poden ser senón terra?
Todos nós somos de terra,
...queiramos ou non queiramos, o silencio é quen nos leva.

Cántame esa canción
que cura a mágoa
mesmo por dentro, no corazón.
Esa que a media voz
nos aloumiña en verbas tenras
cheas de amor.
Dáme desa poción, doce ledicia,
que enxuga as bágoas
da miña dor.
Bálsamo brando e suave,
tranquilo e mol.
Porque eu sen ti
son luz sen brillo,
noite sen lúa, día sen sol.
Porque eu sen ti
son mar sen auga
ou mar sen ondas e sen rumor.
Porque eu sen ti
son todo fume, néboa de ausencias
e nin eu son!

Non volvas, para mirarme, os ollos da túa cara
que están luxados de noite e cobren de negro as cores
aquelas que che eu pintara.
Non volvas, para mirarme, os ollos da túa cara

que teñen escuras sombras borrando as luídas formas,
espazos que eu perfumara.

Non volvas, para mirarme, os ollos da túa cara
que envían ao corazón dardos finos de dolor
que me queiman as entrañas.

Non volvas, para mirarme, os ollos da túa cara, ...
se eu me mirar neles
morrerei nos teus querereres
que me enfeitizan e encantan.

Hoxe a palabra está extenuada:

calquera voz é un silencio que agatuña un berro
desgonzado e ao final, que non di nada.

Hoxe, séntese falar con grandes xestos
con acenos que vocalizan outra farsa,
que ocultan a verdade tras das verbas e non din nada.

Hoxe, ninguén fala para entenderse
senón para xustificarse, lexitimando a insensatez
e as ausencias da razón e os argumentos,
as soidades con ruptura en baleiros e desterro,
e non din nada.

E o peor non é o seu silencio, perturbado tras das voces,
o peor é cando a resposta muda algún segredo
adobiado de ruídos, infestado en decibelios.

Si, meu fillo,
o avó tamén foi mozo algún día
e foi pícaro e xogou a correr as bolboretas.

Si, miña filla,
e algún día desteceu os amenceres
e gardou na súa memoria os contornos das estrelas.

E eu tamén
debullei as andoriñas entre as nubes
escribindo mil historias de relatos e de lendas.

Eu tamén
anoitecín buscando as fábulas dos sonhos
e a luz do Sol enorme, nun solpor da primavera.

Todos nós
aloumiñamos, coma ti,
un futuro de esperanzas encantadas,
de ledicias entusiastas lonxe de covardías e medos,
das bágoas dos ollos, e con sorrisos nos beizos!

Algún día tecerás os sonhos que nós perdemos
por camiños tortuosos de miserias, de fames para moitos,
e para poucas riquezas.
E aínda verás no camiño traidores
daqueles que nos venderon, daqueles que abusaron
profanaron a palabra e a razón, a xustiza, o entendemento.
Tede tino,
que sempre agardan na sombra
á espreita, ...eles –os canallas-
tamén ser reproducen e acrecentan!

Pésanme, co tempo,
as pálpebras dos ollos,
as pedras dos anos
que amurallan rochas
nos seus contornos,
e que arrolan idades,
tempos xa idos,
sobre os outonos.

Quen volverá polo neno adormecido en silencios
que estremecido de medo choraba en soidade prantos.
Quen mirará á criatura recollida entre os seus brazos
que se agocha na penumbra e está en sombras gardado.
Quen atenderá ao neno que todos levamos dentro
falto de sonos, de sonhos falto, de amor e afectos.

Como nace unha canción.

No albor insomne e fértil dalgunhas noites, cos silencios regalados.
nas altas horas dolorosas e nocturnas, nace a música escondida tras dun
verso.
Nace por tras dun rumor do vento, coas leves vibracións dunha vixilia
que se fai música e balbordo, e que se deixa flotar no aire
e mesmo voa nun desexo, na atmosfera da tensión,
da voz emocionada que colle cos seus beizos un bico e unha verba,
...tan só para bicala.

Mai,
sempre estabas esfiañando as luces do amencer,

bebendo a luz primeira das mañás
desde as miúdas pingas de calquera orballo,
antes do Sol
para erguer en nós unha esperanza nova
sobre as fiestras azuis da mañanciña.
Voabamos lixeiros de equipaxe e cargados de razón,
inventando azos fortes para a vida
entre as nubes grises que hai por tras dos sonhos, cada día.

NON SEI COMO DICIRCHO.

No meu país abundan os silencios
e a xustiza está agochada
ou marchou ventureira a outros lares.
Tanta é a nosa dor, tanta é a nosa débeda
que nada temos, na hipoteca diaria con nós mesmos.
Todas as nosas obrigas
sempre nos saen custosas e todas cantas nos deben
están tiradas de prezo.

A miña Patria vive desolada e soa
e, na súa desestima, odia canto ignora e envexa,
agardando, ...sempre agardando saír da súa propia enfermidade,
e do rancor cara a si mesma,
e do silencio covarde que a nosa voz nos rouba!

Non eran homes de leis
pero eran homes de lei.
Dunha soa lei: a honradez.
Unha soa.
Defenderon a legalidade
fronte á usurpación mesquiña e miserable
que só emprega a forza.
Unha soa.
Preservaron a dignidade do pobo
fronte á tiranía de mentes perversas
que abusan da persoa.
Defendéronnos a nós
fronte do insulto e o crime
fronte á inxustiza coa loita.

Non eran homes de leis
pero eran homes de lei.
E tiñan a razón toda!

EN LUGO.

Chove gris en Lugo
sobre as pedras,
e pon de brillos mil reflexos
coma nun soño de fadas
as pucharcas son o espello.
Chove azul en Lugo
cando orballa
e con moi finas pingueiras,
cando na primeira luz
trae mencer de primaveiras.
Chove verde en Lugo
docemente e moi mainiño
cando ao lonxe, desde o Parque
pousa a ollada sobre O Miño.

Ule a vainilla e a caramelo
o azucre na mazá feito marmelo.
Ule a pan, a alimento
o recendo da mañá naquel momento.
Ule a verde a primavera
cando vén pola mañá coa luz primeira.
Ule a ti, á túa voz,
ao teu silencio de amor, ao meu contento.
Ule a vida e a ledicia,
á esperanza de vivir coa túa caricia.
Ule a fresa e a cereixa
o amencer do verán que o sol apreixa.
A vainilla e chocolate
nas idades desde a infancia, tempo gris, sen brillo e mate.

Deixa que pouse o tempo
no teu regazo
que faga ondas no teu sosego,
frescas de aromas,

mesturas xordas de auga e argazo
baixo do ceo.

Deixa que veñan lentos,
finos recendos,
que nos envolvan na mañá calma
dun mol desmaio,
sabendo a flores
coa lene brisa rosada en ventos.
Deixa que teza soños
no azul dun lenzo
e que acariñe as nubes brancas no espazo
mentres debullas
baixo do sol os teus cabelos
e fas un lazo
cerrando os ollos para prendelos.